

VECIÑANZA SÍXELLE AO GOBERNO DE CUNTIS QUE RESOLVA DUNHA VEZ A SITUACIÓN DO CAMIÑO DA MISA

- *O conflito do Camiño da Misa é unha longa pelexa que manteñen os veciños e veciñas do lugar da Louriña pola recuperación dun camiño público ocupado.*
- *O Concello de Cuntis anunciou hai máis de dous meses o inicio dos traballos, pero segue sen iniciar o expediente de deslinde case catro anos despois de telo acordado.*
- *Este é un exemplo máis da filosofía real que caracteriza a un Grupo de Goberno que presume de escoitar e atender as demandas veciñais, pero que unicamente se limita a facer anuncios e a defraudar expectativas.*

Cuntis, 10 de decembro de 2020

O Pleno do 26 de xaneiro do ano 2017 aprobaba a moción presentada por Veciñanza para o inicio do expediente de reposición da legalidade do Camiño da Misa, unha longa disputa que os veciños e veciñas da aldea da Louriña veñen mantendo contra a ocupación dun camiño público. Os feitos remóntanse, cando menos, a marzo de 2011, cando o Concello de Cuntis determina a titularidade pública do vial en conflito. Dende aquela, todas as boas intencións quedaron en promesas incumpridas e a loita veciñal atópase coa inoperancia dos sucesivos gobernos municipais.

O 31 de outubro pasado, o Concello anunciaba “o inicio dos traballos”, pero o certo é que na práctica nada fixo. Aquilo resultou un anuncio previo ao pleno, pero **sen máis contido que o do simple anuncio**. A instancias de Veciñanza, **o Alcalde recoñeceu o pasado 26 de novembro que o Goberno Municipal non fixera nada** e que debe ser levado a pleno o deslinde correspondente á reposición da legalidade, trámite para o que se dispón dun prazo de tres meses a contar dende a súa aprobación en pleno. Os veciños e veciñas da Louriña reclaman con insistencia o cumprimento da legalidade nun **asunto no que o Goberno do PSOE xa deixou caducar o mesmo expediente iniciado no seu momento**. Esta é unha das peticións que, **no marco da filosofía do Goberno de Cuntis, son aceptadas pero pasan ao caixón das promesas esquecidas**.

Veciñanza pídelle unha vez máis ao Alcalde que inicie o trámite de deslinde para poder dar cumprimento a unha demanda xusta que presenta **un percorrido de máis dunha década**. Non pode ser que a mobilización dos veciños e veciñas pola recuperación dun ben de titularidade do concello se atope coa negativa da propia administración unha e outra vez, cando debiera ser esta a que levara a iniciativa. Este é un exemplo máis da filosofía real que caracteriza a un Grupo de Goberno que presume de escoitar e atender as demandas veciñais, pero que unicamente se limita a facer anuncios e a defraudar expectativas.

